

## Obradoiro: IDEAS COOPERATIVAS EN ACCIÓN

[ En colaboración coa Rede Eusumo + ECOBAS + Universidade de Vigo ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	13 ao 30 de abril	<b>DURACIÓN</b>	20 horas
<b>HORARIO</b>	Celebraranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe os días 13 e 30 de abril en horario de 11:00 a 12:30 hs. A persoa titora estará dispoñible no seguinte horario: 16:00 a 17:30 horas		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop   <a href="http://aulaespazocoop.com">http://aulaespazocoop.com</a>		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>teléfono</b>	881 887 456 / 697 877 773
		<b>e-mail</b>	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

### OBXECTIVOS

- Mostrar desde o punto de vista práctico as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do noso proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

### PROGRAMA

- Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.
- Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.
- Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.
- Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

### CONTIDOS

- Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. Prototipa a túa idea de negocio, valora as persoas do equipo, cal é a vosa proposta de valor?
- Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.- Madura a túa idea, deseña e analiza as áreas comercial e de mercado: competencia, intercooperación.
- Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.- Analiza a área económico-financiera: fai viable o teu proxecto. Investimentos e financiamento, contas de resultados e tesourería provisional, análise de sensibilidade.
- Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.- Planifica a organización do teu proxecto cooperativo: os estatutos, organigrama e regulamento de réxime interno. Pasos para a constitución da cooperativa. Avaliación do obradoiro.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. Realizaranse dúas sesión virtuais de aprendizaxe no de inicio e finalización do curso. As persoas que non podían participar nelas terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

### DIRIXIDO A

Persoas emprendedoras interesadas no autoemprego cooperativo; persoas cunha idea de negocio que queren avaliar a opción cooperativa e axentes intermedios que asesoran proxectos cooperativos. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.